

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

TEMA 1- LEI 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

1. Para os efectos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e segundo o sinalado polo artigo 2 da devandita lei, cal das seguintes entidades non forma parte do sector público institucional?:

- a) As entidades de dereito privado vinculadas ou dependentes das administracións públicas.
- b) As entidades que integran a Administración local.
- c) As universidades públicas.

2. En que supostos terán capacidade de obrar ante as administracións públicas os grupos de afectados segundo o artigo 3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas?:

- a) Cando a lei así o declare expresamente.
- b) Unicamente nos casos previstos pola propia lei de procedemento administrativo común.
- c) En ningún caso, salvo que unha norma con rango de lei diga o contrario.

3. A teor da regulación contida no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes supostos non encaixa coa definición de interesado?:

- a) O que promova o procedemento como titular de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.
- b) O que, sen iniciar o procedemento, teña dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.
- c) O que, sen iniciar o procedemento, teña calquera tipo de interese nel.

4. Conforme ao artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, quen poderá actuar en representación doutra persoa ante as administracións públicas?:

- a) As persoas xurídicas en todo caso.
- b) As persoas físicas en todo caso.
- c) As persoas físicas con capacidade de obrar.

5. En relación coa acreditación da representación e en virtude da regulación contida no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinálese a resposta correcta:

- a) Entenderase acreditada a representación realizada mediante apoderamento *apud acta* efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica no correspondente rexistro electrónico ou a través da acreditación da súa inscrición na sede electrónica de apoderamentos da Administración pública competente.
- b) Entenderase acreditada a representación realizada mediante apoderamento *apud acta* efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na sede electrónica ou a través da acreditación da súa inscrición no correspondente rexistro electrónico de apoderamentos da Administración pública competente, salvo manifestación expresa en contra do interesado.
- c) Entenderase acreditada a representación realizada mediante apoderamento *apud acta* efectuado por comparecencia persoal ou comparecencia electrónica na correspondente sede electrónica, ou a través da acreditación da súa inscrición no rexistro electrónico de apoderamentos da Administración pública competente.

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

6. Sinala o artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os poderes inscritos nos rexistros electrónicos de apoderamentos terán unha validez determinada máxima de:

- a) Dez anos.
- b) Cinco anos.
- c) Catro anos.

7. De acordo co disposto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cal dos seguintes datos non está previsto que forme parte da información mínima que debe de constar nos asentos que se realicen nos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos?:

- a) Período de tempo polo cal se outorga o poder.
- b) Obxecto do apoderamento.
- c) Data de inscrición.

8. De conformidade co artigo 7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse:

- a) Co que figure en primeiro termo, en calquera caso.
- b) Co que decida discrecionalmente a Administración.
- c) Co representante ou co interesado que expresamente se sinalase.

9. Comunicaráselles a tramitación dun procedemento ás persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite (artigo 8 da LPAC):

- a) En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
- b) Durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade.
- c) Durante a tramitación de calquera clase de procedemento.

10. Un dos seguintes sistemas non está previsto como un daqueles que poderán utilizar os interesados para identificarse electronicamente ante as administracións públicas no artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Sinálese cal:

- a) Sistemas baseados en claves electrónicas recoñecidas de certificado electrónico expedidas por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".
- b) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".
- c) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos na "Lista de confianza de prestadores de servizos de certificación".

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

11. A admisión por parte da Administración dalgún dos seguintes sistemas para realizar determinados trámites ou procedementos suporá, segundo o artigo 9 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a admisión de todos os demais para ese trámite ou procedemento. Sinálese cal:

- a) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos de sinatura electrónica expedidos por prestadores que contén con autorización expedida pola Administración de que se trate.
- b) Sistemas de clave concertada e calquera outro sistema que as administracións públicas consideren válido, nos termos e condicións que se establezan.
- c) Sistemas baseados en certificados electrónicos recoñecidos de selo electrónico expedidos por prestadores incluídos no Rexistro de Prestadores de Servizos de Certificación.

12. Sinala o artigo 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións públicas só lles requirirán aos interesados o uso obrigatorio de sinatura para unha serie de actuacións, entre as cales non se atopa unha das seguintes. Sinálese cal:

- a) Presentar declaracións responsables ou comunicacións.
- b) Desistir de accións.
- c) Presentar documentación no rexistro.

13. A Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais manterán actualizado un rexistro, ou outro sistema equivalente, onde constarán os funcionarios habilitados para a identificación ou sinatura regulada no artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común. Estes rexistros ou sistemas deberán ser plenamente interoperables e estar interconectados cos das restantes administracións públicas (artigo 12 da LPAC):

- a) Para os efectos de comprobar a validez das citadas habilitacións.
- b) Para os efectos de axilizar a tramitación dos procedementos administrativos.
- c) Para os efectos de garantir os principios de transparencia e proximidade ao cidadán.

14. O artigo 12 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, imponlles ás administracións públicas a obriga de que asistan aos interesados no uso de medios electrónicos A quen en concreto?:

- a) Aos interesados que así o soliciten e que non están obrigados a relacionarse electronicamente coa Administración.
- b) A todos os interesados nun procedemento administrativo.
- c) Unicamente a aqueles interesados que, pola súa falta de formación, o necesiten.

15. Un dos dereitos recoñecidos ás persoas nas súas relacións coas administracións públicas no artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas é o de:

- a) A protección de datos de carácter confidencial e, en particular, a seguridade e custodia dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.
- b) A protección de datos de carácter persoal e, en particular, a integridade e autenticidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.
- c) A protección de datos de carácter persoal e, en particular, a seguridade e confidencialidade dos datos que figuren nos ficheiros, sistemas e aplicacións das administracións públicas.

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

16. O artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas relaciona os suxeitos que, en todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. Entre eles figura un dos seguintes, indíquese cal:

- a) As persoas físicas.
- b) As entidades sen personalidade xurídica.
- c) Quen exerza unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria.

17. Respecto dos rexistros, establece o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que para poder facer o correspondente asento de todo documento que sexa presentado ou que se reciba en calquera órgano administrativo:

- a) Cada Administración disporá dun rexistro electrónico xeral.
- b) Existirá un rexistro electrónico xeral para todas as administracións públicas.
- c) Existirá un rexistro electrónico xeral para todas as administracións públicas, sen prexuízo de que cada Administración disporá dun rexistro electrónico propio.

18. Dispón o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que os rexistros electrónicos de todas e cada unha das administracións deberán ser plenamente interoperables, de modo que se garanta:

- a) A transparencia no intercambio de información e a incorruptibilidade do sistema, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.
- b) A axilización na transmisión telemática dos asentos rexistrados e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros, así como a fiabilidade na veracidade dos datos neles contidos.
- c) A súa compatibilidade informática e interconexión, así como a transmisión telemática dos asentos rexistrados e dos documentos que se presenten en calquera dos rexistros.

19. Respecto das cantidades que haxa que satisfacer no momento da presentación de documentos ás administracións públicas, sinala o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Se poderán facer efectivas unicamente mediante transferencia dirixida á oficina pública correspondente.
- b) Se poderán facer efectivas mediante transferencia dirixida á oficina pública correspondente, sen prexuízo da posibilidade do seu aboamento por outros medios.
- c) Se poderán facer efectivas por calquera medio que permita ter constancia do pagamento.

20. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. Asegurarase en todo caso (artigo 17 da LPAC):

- a) Que a eliminación dos devanditos documentos deba ser autorizada expresamente polo interesado.
- b) Que esta consulta non teña custo ningún para o interesado, salvo naqueles casos en que así se determine polas normas reguladoras de cada procedemento.
- c) A posibilidade de trasladar os datos a outros formatos e soportes que garantan o acceso desde diferentes aplicacións.

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

21. Aclara o artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que as administracións públicas lle entregarán ao interesado certificación acreditativa da comparecencia:

- a) Cando así o solicite.
- b) Unicamente cando esta comparecencia fose presencial.
- c) En todo caso.

22. En todo caso, as administracións públicas informarán os interesados do prazo máximo establecido para a resolución dos procedementos e para a notificación dos actos que lles poñan termo, así como dos efectos que poida producir o silencio administrativo. Nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, esta mención (artigo 21 da LPAC):

- a) Incluirase na notificación ou publicación do acordo de iniciación do procedemento.
- b) Incluirase na comunicación que se dirixirá para o efecto ao interesado dentro dos dez días seguintes á recepción da solicitude iniciadora do procedemento no rexistro electrónico da Administración ou organismo competente para a súa tramitación.
- c) Incluirase no portal web da Administración da que dependa o órgano administrativo ao que vaia dirixida a solicitude iniciadora do procedemento no rexistro electrónico do órgano competente para a súa tramitación.

23. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo para recibir a devandita notificación, esta será de:

- a) Un ano.
- b) Seis meses.
- c) Tres meses.

24. De acordo co disposto polo artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de que momento comeza a contarse o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa cando se trate de procedementos iniciados de oficio?:

- a) Desde a data do acordo de iniciación.
- b) Desde a data en que se publica o acordo de iniciación.
- c) Desde a data en que se notifica o acordo de iniciación.

25. Cando se soliciten informes preceptivos a un órgano da mesma ou distinta Administración, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución, por un prazo que non poderá exceder en ningún caso de (artigo 22 da LPAC):

- a) Dous meses.
- b) Tres meses
- c) Un mes.

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

26. En cal dos seguintes casos se suspenderá obrigatoriamente o transcurso do prazo máximo legal para resolver un procedemento e notificar a resolución? (artigo 22 da LPAC):

- a) Cando se inicien negociacións con vistas á conclusión dun pacto ou convenio.
- b) Cando exista un procedemento non finalizado no ámbito da Unión Europea que condicione directamente o contido da resolución de que se trate.
- c) Cando os interesados promovan a recusación en calquera momento da tramitación dun procedemento.

27. Excepcionalmente, cando se esgoten os medios persoais e materiais dispoñibles, o órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, sen que poida ser este con carácter xeral (artigo 23 da LPAC):

- a) Superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
- b) Superior a tres meses.
- c) Superior a seis meses.

28. Cando un procedemento teña por obxecto o acceso a actividades ou o seu exercicio, a lei que dispoña o carácter desestimatorio do silencio (artigo 24 da LPAC):

- a) Deberá fundarse na concorrencia de razóns imperiosas de interese xeral.
- b) Deberá acreditar o cumprimento dos principios de necesidade e proporcionalidade.
- c) Deberá ponderar, de forma suficientemente razoada, o prexuízo que causa ao interese público.

29. En cal dos seguintes supostos o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa non levará necesariamente que se produza a caducidade do procedemento? (artigo 25 da LPAC):

- a) Procedementos en que a Administración exercite potestades sancionadoras.
- b) Procedementos dos que puidese derivarse o recoñecemento de dereitos.
- c) Procedementos en que a Administración exercite potestades de intervención susceptibles de producir efectos de gravame.

30. Respecto dos documentos electrónicos emitidos polas administracións públicas que se publiquen con carácter meramente informativo, sinala o artigo 26 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que:

- a) Requiren de sinatura electrónica.
- b) Será necesario identificar a súa orixe.
- c) Será necesario identificar o seu destino.

31. O artigo 27 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas define a dixitalización como:

- a) O proceso técnico que permite converter un documento nun ficheiro dixital que contén a identidade do órgano que expediu o documento.
- b) O proceso tecnolóxico que permite converter un documento en soporte papel ou noutro soporte non electrónico nun ficheiro electrónico que contén a imaxe codificada, fiel e íntegra do documento.
- c) O proceso telemático que permite converter un documento en soporte papel nun ficheiro dixital que contén a sinatura incorporada do órgano que o emite.

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

32. En ausencia de oposición do interesado, as administracións públicas deberán solicitar os documentos electronicamente a través das súas redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto. Cando se trate de informes preceptivos xa elaborados por un órgano administrativo distinto ao que tramita o procedemento, estes deberán ser remitidos no prazo (artigo 28 da LPAC):

- a) De quince días contados desde a súa solicitude.
- b) De dez días contados desde a súa solicitude.
- c) Que determine o órgano que o solicite, que en ningún caso poderá ser superior a dez días.

33. No que se refire aos termos e prazos, de acordo co teor literal do artigo 29 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sinala cal das seguintes respostas é correcta:

- a) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal ao servizo das administracións públicas competentes para ditar resolución dos asuntos, así como aos interesados neles.
- b) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan ás autoridades e ao persoal o servizo das administracións públicas competentes para a tramitación dos asuntos, así como aos interesados neles.
- c) Os termos e prazos establecidos nesta ou noutras leis obrigan unicamente ao persoal ao servizo das administracións públicas competente para a instrución dos asuntos, así como aos interesados neles.

34. De acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando o prazo se fixa en meses ou anos, estes computaranse:

- a) A partir do día seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou a publicación do acto de que se trate.
- b) A partir do día natural seguinte a aquel en que teña lugar a notificación ou a publicación do acto de que se trate.
- c) A partir do mesmo día en que teña lugar a notificación ou a publicación do acto de que se trate.

35. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados no caso de presentación a través do rexistro electrónico, os días que se considerarán inhábiles determináranos (artigo 31 da LPAC):

- a) A sede electrónica do rexistro de cada Administración pública ou organismo.
- b) Cada Administración pública ou organismo.
- c) O rexistro xeral de cada Administración pública ou organismo.

36. Establece o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas que a Administración poderá conceder unha ampliación dos prazos establecidos:

- a) Salvo precepto en contrario.
- b) Que non exceda en ningún caso de dez días.
- c) Unicamente a petición dos interesados.

SUBGRUPO C1-TEMA 1-LEI 39/2015-GALEGO

37. Establece o artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común que a Administración poderá conceder, de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos:

- a) Que non exceda da metade destes.
- b) Por un prazo máximo idéntico aos orixinais.
- c) Unicamente naqueles supostos taxados pola propia lei.